



## XLVIII CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS

### Bases

1º.-Poderán participar no concurso todos os grupos de gaitas de Galicia e dos Centros Galegos de España e do estranxeiro que toquen con gaita tradicional (sen modificación de ningún tipo).

2º.-As solicitudes de inscrición no modelo que facilita o Departamento de Cultura Municipal dirixiranse ao Rexistro de Entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas. Serán gratuítas e deberán recibirse ata o día 11 de setembro de 2015. Cada un dos grupos participantes proporcionará coa inscrición o enderezo e número de teléfono, segundo modelo de inscrición que se lle facilita. A orde de participación no concurso será de acordo coa de inscrición.

3º.-Os instrumentos obrigatorios para concursar serán: dúas gaitas, un bombo e un tamboril. Non serán admitidos máis instrumentos dos enumerados nin menos, debendo os participantes vestir o traxe tradicional completo, incluído gorro.

4º.- **O número máximo de participante será de quince grupos.**

Os compoñentes dos grupos participantes non poderán participar na mesma edición do concurso con outro grupo.

5º.-Os grupos participantes estarán ás 10:30 h. da mañán do domingo, día 20 de setembro de 2015, diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas, a fin de percorrer as rúas da vila interpretando melodías galegas ata o Auditorio Reveriano Soutullo, onde a partir das 11:00 h. terá lugar o XLVIII CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS.

6º.-Os grupos participantes interpretarán dúas pezas de libre elección que serán de raíz melódica galega. O tempo total das dúas pezas será, como máximo, de 8 minutos e non se admitirá a interpretación de suites nin de popurrís.

7º.-Permítese a afinación dos instrumentos musicais no escenario. O Xurado é competente para declarar deserto algún dos premios.

8º.-Para recoller o premio deberán subir ao escenario todos os compoñentes de cada un dos grupos clasificados nos catro primeiros postos, debendo vestir o traxe tradicional completo, incluído gorro.

9º.- A comisión organizadora aboará a todos os grupos participantes, que non obteñan premio, a cantidade de 200,00 euros pola actuación realizada, unha vez presentada a factura correspondente no Rexistro Xeral do Concello.

O Concurso de Gaitas de Ponteareas estará dotado dos seguintes premios:

➤ 1º PREMIO	1.800,00 euros
➤ 2º PREMIO	1.200,00 euros
➤ 3º PREMIO	900,00 euros
➤ 4º PREMIO	600,00 euros

10º.- A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a absoluta conformidade coas decisións da organización e do xurado, sen dereito a reclamación ou recurso ningún.